



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira

Aprobación das Bases xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña

ANUNCIO

Por resolución da Presidencia da Deputación do 1 de outubro de 2024 aprobáronse as Bases xerais dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, que se transcriben deseguido:

BASES XERAIS DOS PROGRAMAS DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

Base 1.- Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación da Coruña está constituído polas leis e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a través da Instrución para a transversalidade de xénero na Deputación da Coruña, aprobada por Resolución de Presidencia Número 2024/25051 do 14/06/2024.
- Lei orgánica 1/2024, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Normativa da Comisión relativa á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos.
- Regulamento orgánico e Bases de execución do orzamento vixente da Deputación da Coruña.
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.
- Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña.
- Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña.

Base 2.- Obxecto e finalidade

O obxecto e finalidade das subvencións regularase nas bases específicas.

Base 3.- Solicitantes

As persoas solicitantes regularanse nas bases específicas.

Base 4.- Gastos subvencionables

- As bases específicas de cada convocatoria detallarán as contas e a descrición dos gastos que se consideran subvencionables na mesma.
- O importe de IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade.
- A empresa que facture os bens ou servizos debe estar dada de alta na actividade económica correspondente aos bens ou servizos que prové, e recollida no Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria con anterioridade á data de emisión da factura.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

As compatibilidades e exclusións regularanse nas bases específicas.

Base 6. Forma e prazo da solicitude**6.1.- Forma**

As persoas interesadas en participar en cada convocatoria deberán presentar unha solicitude de xeito telemático no apartado específico da sede electrónica da Deputación da Coruña, SUBTEL.

Con carácter xeral, as persoas so poderán presentar unha solicitude por convocatoria, e no caso de presentación de varias solicitudes nunha mesma convocatoria, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores. Excepcionalmente, as bases específicas poderán regular a posibilidade de presentación de varias solicitudes para distintos obxectos.

6.1.1 - Obxecto da solicitude

Na solicitude deberá indicarse o obxecto da actividade/investimento/proxecto para a que se solicita subvención, de forma clara, concreta e precisa, cunha denominación diferenciada do título da convocatoria, que permita coñecer as actuacións que se van desenvolver, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

6.1.2 - Tramitación telemática

Polo que se refire ao tipo de tramitación, esta realizarase de maneira telemática, no apartado específico da sede electrónica da Deputación da Coruña, SUBTEL.

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión, xustificación, desistencia e renuncia, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

Non se permitirá a presentación de solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

6.1.3 - Documentación

A documentación a presentar será a que figure nos anexos das bases específicas.

6.1.4 - Sinatura de documentación**Entidades sen ánimo de lucro**

A documentación deberá vir asinada como se indica:

- As certificacións, pola secretaría co visto e prace da persoa que exerza a representación legal da entidade.
- As declaracións, compromisos e outra documentación, pola persoa que exerza a representación legal da entidade.
- A relación detallada de gastos e a relación de ingresos, por quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade.

Entidades con ánimo de lucro

A documentación deberá vir asinada como se indica:

- No caso das persoas físicas, pola persoa autónoma ou ben a que exerza súa representación legal.
- No caso das persoas xurídicas, por quen exerza a representación legal da entidade.

Concellos e outras entidades públicas.

A documentación deberá vir asinada como se indica:

- As certificacións, pola secretaría co visto e prace da alcaldía/presidencia ou persoa na que delegue.
- As declaracións, compromisos e outra documentación, pola alcaldía/presidencia ou persoa en quen delegue.
- A certificación detallada de gastos e certificación de ingresos expedida polo órgano responsable da contabilidade.

6.2.- Prazo de presentación

Os prazos de solicitude serán os que establezan de xeito particular cada unha das convocatorias específicas, que serán contados desde a publicación do anuncio na Base de Datos Nacional de Subvencións, que tamén será publicado no Boletín Oficial da Provincia.

Base 7.- Compromisos e obrigas

As persoas beneficiarias deberán cumprir os seguintes compromisos e obrigas:

- Os indicados na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e nas correspondentes bases específicas.
- A presentación dunha solicitude supón a aceptación das correspondentes bases reguladoras.
- **Estar legalmente constituída** antes de presentar a solicitude.
- Manter a mesma forma xurídica da entidade solicitante desde a data anterior á publicación da convocatoria e ata a finalización do período subvencionado.
- Declarar a **obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos** procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para o mesmo obxecto.
- Comunicar de inmediato calquera **modificación** que puidese afectar a algún dos datos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte da Unidade Xestora da axuda.
- Empregar a subvención outorgada para o **mesmo fin** para o cal foi concedida, axustándose aos termos destas bases xerais e das específicas de cada convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.
- Empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva en tódalas fases e soportes que produza.
- Tratar as imaxes con valores de igualdade, equilibradas, diversas, con pluralidade de roles e identidades de xénero e non estereotipadas.
- Recabar datos desagregados por sexo no caso de realizar estudos, estatísticas, enquisas e formularios.
- Respetar nos seus fins, obxectivos, sistema de admisión ou acceso, funcionamento e organización, o principio de igualdade de xénero e a diversidade.
- Non ser sancionado nin condenado por resolución administrativa nin por resolución xudicial firme por incorrer en discriminación nos termos establecidos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o **contacto habitual con menores**, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (De acordo coa Lei 26/2015, do 28 de xullo de modificación del sistema de protección a la infancia y adolescencia, que modifica a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial o Código Civil e da Lei de axuízamento civil) . E no artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia.
- Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega. A comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña deberá estar en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas. Non se subvencionarán os proxectos que exclúan a **lingua galega**.

- Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e da finalidade suxeita á subvención, someténdose ás **actuacións de comprobación e control**, que poderá efectuar a Deputación da Coruña, así como outras comprobacións e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, internos ou externos, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na normativa de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.
- **No caso de Concellos e outras entidades públicas**, ademais: Teren rendida a última Conta Xeral que legalmente sexa esixible e presentada perante os órganos de control externo antes da xustificación da subvención.
- **No caso de entidades con ánimo de lucro**, ademais:
 - Os/as socios/as ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa a presentaron como parte da sociedade e viceversa.
 - Cumprir coa normativa de **minimis** e declarar o importe das axudas concedidas nos últimos 3 anos.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao previsto no artigo 66 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como cantas responsabilidades de todo orde poidan derivarse.

A Deputación no exercicio das funcións de fiscalización e control, poderá consultar, cando proceda, os datos fiscais relacionados coa actividade obxecto de subvención provincial.

Base 8.- Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, salvo as excepcións previstas nas bases específicas de cada convocatoria, de acordo co disposto no artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para os efectos desta lei, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre estas de acordo cos criterios de valoración fixados nas bases reguladoras, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

8.2 Valoración das solicitudes

Logo de que o servizo correspondente, co carácter de órgano instrutor do procedemento de concesión, teña determinado as solicitudes recibidas e, se é o caso emendadas, que reúnen todos os requisitos regulados nestas bases, someteraaas a un comité técnico de valoración, no caso de estar establecido nas bases específicas de cada convocatoria, designado polo órgano competente e composto por un mínimo de tres persoas expertas ou de recoñecido prestixio profesional sobre a materia, que deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude, aplicando os criterios establecidos en cada convocatoria específica segundo o disposto no apartado anterior. As funcións de secretaría dos comités técnicos serán realizadas por persoal funcionario do servizo correspondente, con voz, pero sen voto.

No caso de producirse empate na puntuación mínima para obter a subvención, atenderase á data e hora de presentación das solicitudes empatadas, primando aquelas que se presentasen con anterioridade e atendendo ao crédito dispoñible.

Exceptúase a obriga de facer a valoración e asignación de puntos de cada solicitude cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos polo importe solicitado.

8.3 Concesión

En función dos puntos asignados, e dentro do límite máximo do crédito dispoñible, a xefatura do servizo instrutor realizará proposta motivada, na que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención e a súa contía ou valor equivalente no caso de subvencións en especie, así coma as solicitudes desestimadas, as desistidas, as non admitidas a trámite e, unicamente no caso de que as bases específicas así o establezan, as suplentes.

Na súa proposta de concesión, e por motivos argumentados baseados na insuficiencia orzamentaria, o servizo instrutor poderá deixar fóra da concesión aquelas solicitudes que figuren no tramo de puntuación máis baixo.

A concesión realizarase segundo o regulado nas bases específicas da convocatoria, que poderán optar por unha das seguintes opcións en canto ao procedemento a seguir:

• **Concesión provisional e concesión definitiva**

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor, sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, a Presidencia ditará **resolución de concesión provisional**, que deberá notificárselles ás persoas interesadas concedéndolles **un prazo de dez días hábiles** para presentaren, se é o caso, a desistencia da solicitude, **reformulación**, cambio de obxecto (se o permiten as bases específicas), ou as alegacións que estimen oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención entenderase aceptada tacitamente.

A solicitude de reformulación deberá achegar o proxecto adaptado ao novo orzamento, debendo respectarse o obxecto e a finalidade da subvención provisionalmente concedida.

As alegacións, reformulacións e cambios de obxecto que, de ser o caso, presenten as persoas interesadas, deberán ser estudadas polo órgano instrutor e, unha vez emitido o correspondente informe-proposta, remiti-ranse ao órgano interventor para a súa fiscalización. Con base nese informe-proposta, a Presidencia ditará a **resolución definitiva de concesión**.

Na resolución de concesión definitiva aprobarase, se procede, a reformulación ou cambio de obxecto.

• **Concesión definitiva**

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor, sobre a proposta realizada polo servizo instrutor, a Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión definitiva.

Cando nas bases da convocatoria opten polo procedemento concesión provisional e concesión definitiva, poderase proceder a emisión da resolución de concesión definitiva sen necesidade de facer previamente a concesión provisional cando se dean as seguintes circunstancias:

- Todas as solicitudes cumpren os requisitos da convocatoria e non existen motivos para o condicionamento das súas achegas.
- O crédito dispoñible deberá ser tal que permita a concesión da totalidade dos importes solicitados.
- A convocatoria non permite cambios de obxecto entre a resolución de concesión provisional e a definitiva.

8.3.1 Reformulación automática de solicitudes

Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención.

8.3.2 Cambios de obxecto

Non se admitirán cambios de obxecto, salvo as excepcións establecidas nas bases específicas.

Para os cambios de obxecto estarase ao seguinte:

1. A persoa beneficiaria poderá solicitar, razoadamente, o cambio de obxecto da subvención, para o que deberá achegar o proxecto ou memoria adaptados ao novo obxecto, así como no seu caso o novo orzamento e importe solicitado.
2. A solicitude de cambio de obxecto, logo da avaliación realizada e o correspondente informe-proposta do órgano instrutor, será resolta pola Presidencia. En ningún caso, a nova concesión suporá un incremento da subvención.

Non se considerará cambio de obxecto o simple cambio dalgún dos conceptos de gasto subvencionados, tampouco o cambio de lugar e tempo, sempre que se cumpra cos prazos xerais establecidos nas bases específicas da convocatoria e non se altere a finalidade da subvención concedida. En todo caso haberá que comunicarlle á Deputación esa circunstancia antes de que se produza.

8.4. Prazo de resolución e notificación

O prazo máximo para resolver será de 9 meses contados desde o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A resoluciónificaráselle ás persoas interesadas mediante a publicación no BOP

8.5. Desistencia da solicitude ou renuncia á subvención

8.5.1 Antes da concesión - desistencia da solicitude

Unha vez presentada a solicitude e antes da concesión definitiva, as persoas solicitantes poderán desistir da súa petición mediante a presentación dun documento no seu expediente de solicitude.

8.5.2 Despois da concesión - renuncia á subvención

Unha vez publicada a resolución de concesión definitiva da subvención polo órgano competente, as persoas beneficiarias poderán renunciar á subvención por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, mediante a presentación dun documento no seu expediente de solicitude.

8.6. Publicidade das subvencións concedidas

A Deputación Provincial da Coruña publicará as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

A Deputación entenderá cumprida a obriga de dispor dun Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, ao que se refire a disposición adicional sexta da Lei de subvencións de Galicia, mediante a publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións de acordo co disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Base 9.- Xustificación e pago

9.1. Prazo de xustificación

Segundo o indicado nas bases específicas.

9.2. Documentación

A indicada nos anexos das bases específicas.

9.3. Tramitación da xustificación

Unha vez recibida a documentación, a unidade xestora comprobará a correcta xustificación da subvención.

- No caso de ser **correcta**, será emitido un informe-proposta de aprobación da xustificación presentada.
- No caso de que a documentación fose **incorrecta ou insuficiente**, darase un prazo de 10 días hábiles para a súa emenda.

Pasado o dito prazo sen que a persoa beneficiaria atenda o requirimento, entenderase que renuncia a subvención, ditándose a resolución de perda do dereito ao cobro.

A Deputación da Coruña poderá requirirille á persoa beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

Neste proceso de control, a Deputación poderá efectuar comprobacións materiais encamiñadas á verificación da realización efectiva das actividades ou investimentos subvencionados, mediante a visita ás entidades por parte do funcionario provincial, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Completada a documentación e emitido o informe-proposta de pagamento, o expediente será remitido ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o preceptivo informe de fiscalización previo á aprobación da xustificación e pagamento.

Será de aplicación a conta xustificativa simplificada nos termos do artigo 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención, terase en conta o seguinte:

- No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique sexa por un importe **igual ou superior ao orzamento** subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique sexa por un importe **inferior ao 100% e igual ou superior ao 50% do orzamento** subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que o gasto subvencionable que se xustifique sexa por un importe **inferior ao 50% do orzamento** subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

9.4 Perda de dereito ao cobro

Producirase a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9.5. Pago

O pago farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras e realizárase, con carácter xeral, nun pago único, salvo as excepcións que poidan regular as bases específicas.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada pola persoa beneficiaria no modelo establecido con carácter xeral para todos os pagamentos pola Deputación.

No caso de non estar ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Deputación da Coruña, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase á persoa beneficiaria de que non se procederá ao pagamento e concederáselle un prazo de tres meses para xustificar que ten regularizada a súa situación. De non achegar xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

Base 10.- Incumprimentos e sancións.

Unha vez transcorrido o prazo de **xustificación** sinalado nas bases específicas sen que a persoa beneficiaria presente a documentación xustificativa, a Unidade Xestora requiriralle para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación, advertíndolle que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro, sen prexuízo das responsabilidades dispostas na normativa de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a gradación das sancións pecuniarias pola comisión de infraccións leves recollidas na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña vixente.

No caso de imposición de sancións e aceptada esta pola beneficiaria, aplicarase a compensación do importe da sanción mediante desconto no mandamento de pago.

O procedemento sancionador está regulado no Capítulo VI da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No caso de que as bases específicas indiquen que a convocatoria se tramita como gasto anticipado será de aplicación o seguinte:

Ao descoñecerse as posibilidades de financiamento desta deputación para o orzamento 2025, as bases concíbense co carácter de "Programación preventiva de actuacións", suxeita polo tanto a revisión unha vez coñecidas as fontes do seu financiamento. Por iso, a aprobación das Bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente, tanto no orzamento inicial do exercicio 2025, como nos expedientes de modificación de créditos que esta deputación aprrobe ao longo do exercicio 2025.

Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a convocatoria xerará dereito ningún a favor das persoas solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

A Coruña, 1 de outubro de 2024

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria xeral,

Amparo Taboada Gil

2024/6873